

O NOSO UNIVERSO NUN DÍA... E PARTE DUNHA NOITE!

@s de 1ºD estamos a pensar hoxe sobre o que temos sobre as cabezas, e baixo os pés... Nun ton alegre e festivo queremos celebrar a pronta chegada do **SOLSTICIO DE VERÁN!!** Hoxe imos xogar, bailar, cantar e superar unhas probas de cooperación e traballo en equipo, algunhas terán un compoñente creativo, outras porán en xogo outras habilidades. E se as nubes dan tregua intentaremos achegarnos ao ceo, observándo como todo está en movemento... nada permanece... **ESTAMOS EN MOVIMIENTO, TODO CAMBIA E NÓS TAMÉN!! CHÁMASE EVOLUCIÓN DO UNIVERSO E DA HUMANIDADE!!**

Estudiamos que polo percorrido de rotación sobre o eixo temos días e temos noites na terra. E ao longo do percorrido de traslación sobre o noso astro rey; o sol, temos dous equinocios e dous solsticios. Que as estacións son tal porque o eixo da terra está inclinado, e en Galicia pola incidencia dos raios de sol na latitude onde nos atopamos, as veces parece que só hai "outonía". Estudiamos un lote de conceptos teóricos astronómicos, o sistema solar e o lugar que ocupamos nel, a nosa terra ou nave espacial, a lúa que nos acompaña nesta andaina...

**Hoxe imos ver como se move o noso universo de 1ºD en medio dun día e parte dunha noite... Por que nós formamos parte deste universo en constante movemento, en constante cambio!!
TODO SE MOVE, TODO CAMBIA E NÓS TAMÉN!!**

Así que para comezar sacudirvos a pereza, movede a neurona, curiosead , fantasead, facervos preguntas e **gozade do universo neste grupo!!**

- Cantos millóns de anos teñen os átomos que conforman o noso corpo e de onde veñen? Por que din que somos pó de estrelas, esta afirmación ten sentido, é verdadeira?
- Temos a certeza de que todo ocorreu así?
- A terra é algo vivo, activo e cambiante. Nos principios, na proto terra todo estaba incandescente e fundido, non había auga? Por que foron baixando as temperaturas? De onde saíron os nosos océanos? Por que podemos encontrar nunha montaña un fósil dun animal mariño?
- O ciclo da auga é vital, como chegou a auga a terra? E a auga que bebes do grifo da túa casa? E a que te salpica polo entorno da Torre?
- E o ciclo do monóxido de carbono? Que fai que a nosa atmósfera sexa respirable e non nos achicharren os raios solares?
- Beneficiounos que un gran compoñente da terra sexa o ferro, creando o campo magnético que temos na actualidade?
- Por que existe a humanidade na terra? Cando xorden os 1os homínidos? Como prendeu a chispa da intelixencia? E da fala? Que nos diferencia aos humanos dos nosos primos primates e do resto dos animais? Por que hai tanta diversidade cultural na terra? Por que en occidente os griegos inventaron case todo? Por que hoxe en día as constelacións teñen nomes da mitoloxía grega e non dos indios arapahoes?
- A formación da terra foi algo predecible, tranquilo, sereno? Ou foi algo

- casual, accidentado, violento? É moi poético ver unha estrela fugaz, pero, que é en realidade? Por que se extinguiron os dinosaurios?
- Por que a terra é achatada, por que o eixo da terra está inclinado? Por que neste percorrido sempre nos acompaña a lúa coa súa cara bonita?
 - No sistema solar, xiramos [tod@s](#) arredor do sol no mesmo plano?
 - A que distancia estamos deses astros que vemos pola noite? Todos os que vemos forman parte do noso sistema solar? Que lugar ocupamos na nosa galaxia a vía láctea? Cantas galaxias hai? Ata onde poderíamos chegar nunha vida? Se fixeramos unha viaxe interxeneracional poderíamos chegar a colonizar outros mundos?
 - **Por que é importante investir, divulgar, coñecer ciencia e tecnoloxía?**
 - Cales foron as grandes revolucións tecnolóxicas da humanidade?

Estamos a vivir un momento histórico prodixioso en canto a avances na ciencia, física, astronomía... Nunhas décadas do S.XX os humanos fixeron posible o teléfono, a TV, os 1ºs plásticos, o emprego do petróleo para producir enerxía, os avións, a navegación espacial, os 1ºs ordenadores... pero agora hai outra enorme aceleración tecnolóxica, novas enerxías renovables, tecnoloxía dixital, móbiles... novos materiais "nano inimaxinables", comezamos a coñecer algo do cerebro, do universo... hai moito enormemente positivo e esperanzador... Por outra banda cada vez somos máis os que vivimos preto das costas, contaminamos enormemente as augas, temos un nivel de consumo imparabile... Non é sostible o desenvolvemento da humanidade deste xeito, comeza a escasear a auga... temos diante novos retos por resolver...

- **TODA CRISE PROFUNDA POLÍTICA-ECONÓMICA-SOCIAL- DE VALORES- DO SISTEMA EDUCATIVO... TRAE CONSIGO UN CAMBIO A MELLOR? Cales son os maiores retos da humanidade?**
- Por que é importante que os [moz@s](#) estudiedes da mellor maneira posible motivados cara o coñecemento, e gocedes de experiencias feitas con paixón nunha noite de "casi" verán?....

VEÑA A PREGUNTAR...DE AQUÍ AO INFINITO E MÁIS ALÁ...

Nin os pais, nin os profesores temos todas as respostas... moitas terás que buscalas ti ao longo da túa vida... Por non ter respostas non as teñen nin os científicos, e grandes pensadores... pero sí saben facerse preguntas!!! e en base a estas intentan buscar respostas... O coñecemento xeras dudas... O que non sabe nada, non duda de nada...

"O importante é non deixarse de facer preguntas" (Albert Einstein)

**O que sí temos claro é que:
UNHA NOITE NON É NADA...**

Para aprender, para querer, para estar de carallada, para facer o noso traballo o mellor posible... non chega unha vida!!

Por iso, tendo en conta que ninguén é perfecto, asume a túa responsabilidade, fai autocrítica e aproveita a posibilidade de vida que che brindaron os teus pais, cos átomos de fai 5.000 millóns de anos que é aproximadamente, mil anos arriba ou abaixo... a formación do noso planeta terra... **e aproveita as ocasións que che brinda a vida de aprender, de enriquecerte!!**

Os humanos levamos no planeta terra aproximadamente 1' se tomamos como

referencia as 24 dun día... nese curto espazo de tempo fomos quen de cambiar ou alterar o desenvolvemento natural do noso universo... cara onde imos a humanidade, que entendemos por progreso..???

“SEN DUDAS NON HAI PROGRESO” (Charles Darwin)

Hoxe comezaremos facendo o indi@, e imos interpretar algunha danza para intentar que no ceo haxa algún claro para gozar da compañía das estrelas...

- Por que ao comezo da humanidade as danzas rituais tiñan un significado máxico-relixioso para comunicarse cos deuses?

Despois foi o oráculo... Despois un só Deus. E hoxe en día non somos creientes, e crémonos capaces de domesticar e modificar a natureza ao noso antollo, e hai moita xente endiosada que cree que sabe todo..

A astronomía ensínate a situarte no universo, e a valorar o que somos e o que temos. Somos un puntíño azul perdido na inmensidade... e ti non eres máis cun pouco de pó de estrelas. E temos unha sorte enorme de vivir na terra...

De ti depende como queras entender que formas parte da natureza, e de que eres un ser humano social; ou que dependes das relacións que establezcas cos demais para vivir... **Cal é o teu ideal de vida?**

Gústache a época que che tocou vivir? Gustaríache vivir noutra época? Como te imaxinas a vida no S.XXII...?

Hoxe non fará unha noite de verán para facer unha observación como “Dios manda”, pero no instituto terás máis oportunidades. En Setembro imos facer a actividade de “Estrelas con chocolate” que temos pendente. Tamén é unha chulada ter cousas que desexarías facer ou volver facer... ilusionándote ata que chegue ese momento. Vivimos na época da inmediatez, pero non todo na vida é dito e feito. A maioría das cousas boas na vida non chegan de súpeto, ou veñen por que si. Fai por merecer as cousas. Valora todas as oportunidades de aprender. Sabemos que en Galicia as actividades ao aire libre, as veces teñen que esperar...

O importante é que comprendas que este tipo de actividades son relevantes na túa formación. Hai cousas que despois de aprendelas nun libro tradicional ou dixital, despois de razoar, esquematizar, sistematizar, memorizar... coa axuda do profesorado. **Tes que sair da aula para comprobalo, tes que experimentar, tes que vivenciar!!.** **Tes que encontrarlle sentido ao que estudias, tes que incorporar o coñecemento a túa vida real !!**